

## Xesús LÍMPANOS, é a AUGA VIVA..

### 1. VER: Auga osixenada e tiriñas

-Cando temos unha ferida limpámola con auga osixenada, poñémoslle unha tiriña e cura rapidamente.

-Hai unha enfermidade que non se cura con tiriñas. É a lepra. Todos recordamos ao P. Damián de Molokai que dedicou a súa vida a coidar dos enfermos da lepra, morrendo el tamén desa enfermidade. Ou a asociación de Amigos de Raoul Follereau que loita tanto contra esta enfermidade. En Fontilles (Alacante), está hoxe a que chaman a última leprosería de Europa, con 29 internos. Hoxe é unha enfermidade curable.

*En que consiste esa enfermidade? Que consecuencias tiña?*

### 2. XULGAR: Xesús límpanos, é a auga viva.

- No evanxeo de hoxe Xesús cura un leproso. Entón, estes enfermos vivían marxidados, afastados dos sans, para que non os contaminasen e eran considerados impuros. A lepra era un castigo divino. O leproso pídelles: “**se queres podes limparme**”. Xesús sente compaixón, tócao e dille: “**quero: queda limpo**”. Sándao e intégraos na vida social. E queda curado e cóntallo a todos.

#### + QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

-Xesús faino un home novo: é compasivo, téndelle a man, tócao, e cúralle a lepra. E que pasa? Como Xesús lle cura a

lepra xa pode volver á súa casa, vivir cos seus, xa pode rezar a Deus e sentirse querido por el. Vólvelle a alegría, a vida, está reinsertado, comeza a ser un home novo.

**-Xesús límpanos: Xesús achégase a nós e quere limpar o noso corazón.** De que quere limpalo? Ás veces facemos comentarios negativos sobre os demais, “con este non quero saber nada”, ou non perdoamos... Nel o que hai de pecado, de exclusión dos que son distintos a nós. Xesús non fere, nin separa, nin marxina...

**Xesús é auga viva** (Xn 4, 13-14): Recordades a auga do bautismo? Desde o bautismo, a Vida espállasenos nunha auga nova que nos enxerta na liberdade dos fillos de Deus. O Amor do Pai cáenos en pingas e pingas que nos enchen de VIDA, de sentido, de esperanza e de calor do Corazón.

***Que lepras hai na túa vida? Que pode facer Xesús por ti?***

### **3. ACTUAR: Sae a buscar a Xesús.**

--Pensamos **que tiriñas** podemos poñer no corazón dos que nos rodean. Cada neno podería poñer tiriñas nun corazón roto: “Ofrecemos estas tiriñas que representan o noso desexo de non ferir nunca a ninguén e de curar con amor os corazóns feridos como fixo Xesús”.

-Facemos unha lista das persoas que excluímos ou esquecemos porque nos caen mal, por ideas, polas marcas e dialogamos sobre que podemos facer.

-Unimos isto coa campaña de **Mans Unidas**: Informámonos das lepras do mundo de hoxe e vemos en que proxecto podemos colaborar para melloralo no terceiro mundo. Todos colaborando con Mans Unidas!

***Que ides facer?***

# LECTURAS

- **Levítico 13, 1-2. 44-46: O leproso vivirá só e terá a súa morado fóra do campamento.**

O Señor díxolle a Moisés e a Aarón: «Cando algún teña unha inflamación, unha erupción ou unha mancha na pel, e se lle produza unha chaga como de lepra, será levado ante o sacerdote Aarón, ou ante un dos seus fillos sacerdotes. **Trátase dun leproso: é impuro.** O sacerdote declararáo impuro de lepra na cabeza. O enfermo de lepra andará coa roupa rachada e a cabeleira desgreñada, coa barba tapada e gritando: “Impuro, impuro!”. Mentres lle dure a afección, seguirá sendo impuro. É impuro e vivirá só e terá a súa morada **fóra do campamento**». Palabra do Señor.

- **SALMO 31:**

**R/. Ti es o meu refuxio, rodéasme de cantos de liberación.**

- **I CORINTIOS 10, 31-11, 1: Sede imitadores meus como eu o son de Cristo.**

Irmáns: Xa comades, xa bebedes ou fagades o que fagades, facédeo todo para gloria de Deus. Non deades motivo de escándalo nin a xudeus, nin a gregos, nin á Igrexa de Deus; como eu, que procuro contentar en todo a todos, non buscando a miña propia vantaxe, senón a da maioría, para que se salven. Sede imitadores meus como eu o son de Cristo. *Palabra do Señor.*

• **MARCOS 1, 40-45: 1, 40-45: A lepra quitóuselle, e quedou limpo.**

**Narrador:** Naquel tempo, achegouse a Xesús un leproso, suplicándolle de xeonllos:

**Leproso:** -«*Se queres, podes limparme*».

**Narrador:** Compadecido, estendeu a man e tocouno dicindo:

**Xesús:** -«*Quero: queda limpo*».

**Narrador:** A lepra quitóuselle inmediatamente e quedou limpo.

El despediuno, encargándolle severamente:

**Xesús:** -«*Non llo digas a ninguén; pero para que conste, va presentarte ao sacerdote e ofrece pola túa purificación o que mandou Moisés, para que lles sirva de testemuño*».

**Narrador:** Pero cando se foi, empezou a pregoar ben alto e a divulgar o feito, de modo que Xesús xa non podía entrar abertamente en ningunha vila; quedaba fóra, en lugares solitarios; e aínda así acudían a el de todas partes. *Palabra do Señor.*

**Narrador-Leproso-Xesús)**